



INFORMACIÓN PARA AS FAMILIAS:
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA RESUMIDA 2023-24

FeQ
4ºESO

PROFESOR	Juan José Guillín Fraga		
CONTIDOS	<p style="text-align: center;"><u>1º TRIMESTRE</u></p> <p>-O traballo científico: o método científico. -Magnitudes: interconversión, cálculo e expresión de resultados. (5%)</p> <p>-Estrutura da materia: modelos atómicos e configuración electrónica moderna. (12%)</p> <p>-Táboa periódica e enlace químico: interatómico e intermolecular. (12%)</p> <p>-Formulación e nomenclatura en química inorgánica de compostos ternarios. (6%)</p>	<p style="text-align: center;"><u>2º TRIMESTRE</u></p> <p>-Química do carbono. Grupos funcionais. Formulación e Nomenclatura orgánica. Formas alotrópicas do carbono. (10%)</p> <p>-Repaso conceptos básicos en química cuantitativa: mol-umagramo. Disolucións e gases ideais ($PV=nRT$). (8%)</p> <p>-Reaccións químicas. Cálculos estequiométricos en masa, volume ou concentración. Cinética e termodinámica química. Exemplos de reaccións químicas importantes. Química, industria e medio ambiente. (15%)</p>	<p style="text-align: center;"><u>3º TRIMESTRE</u></p> <p>-O movemento. Cinemática. Estudio do MRU, MRUA e MCU. Resolución de problemas e interpretación de gráficas de movemento. (16%)</p> <p>-As forzas: Dinámica clásica. Resolución de problemas-tipo que impliquen uso de forza de rozamento, peso, normal, tensión, elástica ou centrífuga. -Gravitación Universal. Lei de Newton. (16%)</p>
CUALIFICACIÓN: instrumentos, ponderación, mecanismo de recuperación	<ul style="list-style-type: none"> • Probas obxectivas (exames): 70% • Proba de comprensión lectora (análise de texto científico): 5% • Iniciativa: 5% (incluírá todo o que a alumnado propoña fora das explicacións en curso e que consideren que pode resultar interesante e motivador para os compañeiros). Obligatoria 1 no curso. En caso contrario nas 2 primeiras avaliacións acumularase á observación diaria. • Observación: Interese/traballo diario (libreta de control): 20% • Haberá 2 ou 3 exames por avaliación. A nota global das probas obxectivas será a media ponderada dos exames feitos segundo o peso indicado na táboa de contidos. • Copiar nun exame implica ser cualificado cun “cero” nesa proba. • Para obter a nota do boletín en cada avaliación procederase a un redondeo final, despois de aplicar todas as ponderacións correspondentes, a partir de 50 centésimas de punto. • Haberá 1 proba de recuperación por avaliación, dentro das 2 semanas posteriores á finalización do trimestre suspendido. A última farase ao longo do mes de xuño, antes de que finalice o curso o día 21. Nela, o alumnado intentará recuperar a 3ª avaliación ou calquera das que lle quedaran suspensas, co fin de obter a cualificación global do 		

	<p>curso.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Lémbrese tamén que as probas de recuperación só permiten avaliar o aspecto conceptual do currículo, o cal só supón un 70% da nota global final, polo que acadar un 5 na proba de recuperación non implica necesariamente ter acadado a avaliación positiva na materia. Será a suma dos outros aspectos avaliábeis os que determinen se, en conxunto o alumno/a acadou os mínimos necesarios. • A nota final do curso será a media aritmética das obtidas nas 3 avaliacións. Para o cálculo desta media teranse en conta as notas das probas realizadas durante todo o curso SEN REDONDEAR. • A temporalización da 3ª avaliación farase de tal xeito que permita obter unha cualificación da mesma coa antelación suficiente para levar a cabo unha hipotética recuperación de contidos da mesma ou de calquera das outras avaliacións se estas se suspendesen, antes de que finalice o curso o día 21 de xuño. Ademais terán a oportunidade de subir nota na parte de conceptos nunha PROBA DE NIVEL, xa que a matrícula de honra dependerá soamente das cualificacións globais obtidas no 4º curso da ESO.
PLAN DE LECTURA	<ul style="list-style-type: none"> • Farase unha proba de comprensión lectora en cada trimestre, que suporá o 5% da nota. • Proporase unha serie de libros como lecturas recomendadas, entre as que se poden atopar as seguintes: <ul style="list-style-type: none"> -“Quantic Love”. Sonia Fernández-Vidal -“La puerta de los 3 cerrojos”. Sonia Fernández-Vidal -“¿Tenían ombligo Adán y Eva?”- Martin Gardner. -“Os dados do reloxeiro”. Xurxo Mariño.
TIC	<ul style="list-style-type: none"> • Promoverase o uso de ferramentas TIC nas exposicións de traballos e na comunicación co profesor por vía electrónica. Empregarase a ferramenta educativa de google (classroom) como apoio das explicacións diarias.
ACTIVIDADES COMPL. E EXTRAESCOLARES	<ul style="list-style-type: none"> • Tratarase de facer polo menos 1 saída ao longo do curso relacionada coa ciencia.